



MULLERES, POETAS E GALEGAS

Seis escritoras homenaxeadas en 62 anos
do

Día das LETRAS GALEGAS



De esquerda a dereita, na fila superior, Rosalía (1963), Francisca Herrera (1987), María Victoria Moreno (2018).
Abaixo, María Mariño (2007), Xela Arias (2021) e Luisa Villalta (2024).

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



“Onde nós non hai nunca outro destino
que ser un anónimo fin
ou un glorioso comezo” (Luisa Villalta)

Nesta tertulia imos celebrar as Letras galegas cunha sesión especial adicada a todas esas escritoras galegas que ao longo da súa vida fixeron tanto pola nosa lingua poñéndoas no cumio máis alto da literatura mundial.

Mulleres esquecidas que merecen a posta en valor da súa obra, especialmente no eido poético.

Centrarémonos na primeira muller homenaxeada, **Rosalía de Castro e na última, **Luisa Villalta**, escritora á que se lle dedica este ano as Letras Galegas.**

2





Historia

O 20 do mes de marzal do ano 1963, os académicos Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego propoñen no plenario da Real Academia Galega a celebración dun día grande dedicado ao libro e á lingua galega, unha xornada festiva e reivindicativa a prol da cultura e a identidade de Galicia centrada sobre todo no prestixio do idioma. O libro era entón o principal símbolo dese prestixio. A data escollida, o 17 de maio, tiña unha significación especial: facíanse daquela cen anos da primeira edición de Cantares Gallegos, título fundacional do noso Rexurdimento.

3

A academia asumiu, por unanimidade, a iniciativa. A celebración do primeiro ano consistiu basicamente nunha conferencia de Ricardo Carballo Calero no salón Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela, e mais no recitado de catro poetas mozos: Xohana Torres, Carlos Casares, Arcadio López-Casanova e Salvador García-Bodaño. Tamén houbo actividades en Lugo (Mostra do Libro Galego), Vigo, A Coruña e algunhas outras localidades.



Xohana Torres, Casares, García Bodaño e López Casanova no recital no salón Fonseca

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPOS A-B-C





Iniciamos lecturas.....

Rosalía de Castro

Poemas

Cantares gallegos

5

“Grande atrevemento é sin duda prá un probe inxenio com’o que me cadrou en sorte, dar á luz un libro cuyas páxinas debían estar cheys de sol, d’armonia, e d’aquela naturalidade que, unida á unha fonda ternura, á un arrullo incesante de palabriñas mimosas e sentidas, forman á mayor beleza d’os nosos cantos populares”. (Prólogo da autora, así comeza Cantares gallegos)



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPOS A-B-C



PERSONAXES

8.

Un repoludo gaiteiro
De pano sedán vestido,
Com' o un príncipe cumprido,
Cariñoso e falangueiro,
Antr' os mozos o pirmeiro
E nas cidades sin par,
Tiña costum' en cantar
Aló pola mañanciña:
Con esta miña gaitiña
Ás nenas ei d'engañar.



Sempre pó la vila entraba
Con aquel de señorío,
Sempre con poxante brío
Co tambor s'acompanaba;
E si na gaita sopraba,
Era tan doce soprar,
Que ben fixera en cantar
Aló pola mañanciña:
Con esta miña gaitiña
Ás nenas ei d'engañar.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



Todas por el reloucaban,
Todas por él se morían.
S'ó tiñan cerca, sorrían,
Só tiñan lonxe, choraban.
¡Mal pecado! Non coidaban
Que c'aquel seu frolear
Tiña costum'en cantar
Aló pó-la mañanciña:
Con esta miña gaitiña
Ás nenas ei d'engañar.



7

Camiño da romería
Debaixo d'unha figueira,
Canta meniña solteira
¡Quérote! lle repetía...
Y él c'á gaita respondía
Por á todas envoucar,
Pois ben fixera en cantar
Aló pó-la mañanciña:
Con esta miña gaitiña
Ás nenas ei d'engañar.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



Elas louquiñas bailaban
E por xunta d'el corrian,
Cegas...., cegas que non vían
As espiñas qu'as cercaban;
Probes palomas, buscaban
Á luz qu'as iba queimar,
Pois qu'el soupera cantar
Aló pó-la mañanciña:
*Con esta miña gaitiña
Ás nenas ei d'engañar.*

¡Nas festas, canto contento!
¡Cantas risa nas fiadas!
Todas, todas namoradas,
Deranll'ó seu pensamento;
Y él que d'amores sedento
Quixo á todas enganar,
Cand'as veu dimpois chorar
Cantaba nas mañanaciñas:
*Non seas elas toliñas
Non veñan ó mei tocar.*

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



11.

*Campanas de bastabales,
Cando vos oyo tocar,
Mórrome de soidades.*

I.

Cando vos oyo tocar,
Campaniñas, campaniñas,
Sin querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oyo,
Penso que por min chamades,
E das entrañas me doyo.

Dóyome de dor ferida,
Qu'antes tiña vida enteira,
Y oxe teño media vida.

Solo media me deixaron
Os que d'aló me trouxeron,
Os que d'aló me roubaron.

Non me roubaran, traidores,
¡Ay! Uns amores toliños,
¡Ay! Uns toliños amores

Qu' os amores xa fuxiron,
As soidades viñeron...
De pena me consumiron.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



II.

Aló pó la mañanciña
Subo enriba dos outeiros,
Lixeiriña, lixeiriña.

Com' un-ha craba lixeira,
Para oir das campaniñas
A batalada pirmeira.

A pirmeira d' alborada
Que me traen os airiños,
Por me ver mais consolada.

Por me ver menos chorosa,
Nas sus alas má traen
Rebuldeira e queixumbrosa.

Queixumbrosa e retembrando
Por antr' e verd' espesura,
Por antr' o verde arborado.

E pó la verde pradeira,
Por riba da veiga llana,
Rebuldeira e rebuldeira.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



III.

Paseniño, paseniño,
Vou pó la tarde calada,
De Bastabales camiño.

Camiño do meu contento;
Y en tant' o sol non s' esconde,
Nun-ha pedriña me sento.

E sentada estou mirando,
Com' á lua vay sahindo,
Com' ó sol se vay deitando.

Cál se deita, cál s' esconde
Mentras tanto corre á lua
Sin saberse para donde.

Para donde vay tan soya,
Sin qu' á os tristes qu' á miramos
Nin nos fale, nin nos oya

Que si oira e nos falara,
Moitas cousas lle dixera,
Moitas cousas lle contara.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



IV.

Cada estrela, o seu diamante;
Cada nube, branca pruma;
Trist' á lua marcha diante.

Diante marcha crarexando
Veigas, prados, montes, rios,
Dond' ó dia vay faltando.

Falt' ó dia, e noit' escura
Vaixa, vaixa, pouc' á pouco,
Por montañas de verdura.

De verdur' e de follaxe,
Salpicada de fontañas
Vaixo á sombra do ramaxe.

Do ramaxe donde cantan
Paxariños piadores,
Que c' á aurora se levantan.

Que c' á noite s' adormecen
Para que canten os grilos
Que c' as sombras aparecen.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



V.

Corre ó vento, ó rio pasa,
Corren nubes, nubes corren
Camiño da miña casa.

Miña casa, meu abrigo,
Vanse todos, eu me quedo,
Sin compañia, nin amigo.

Eu me quedo contemprando
As laradas d' ás casiñas
Por quen vivo suspirando.

.....

Ven á noite... morre ó dia,
As campanas tocan lonxe
O tocar d' *Ave Maria*.

Elas tocan pra que rece;
Eu non rezo, qu' os saloucos
Afogandome parece
Que por min tèn que rezar.

***Campanas de Bastabales,
Cando vos oyo tocar,
Mórrome de soidades.***



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



13.

*San Antonio bendito,
Dádeme un home,
Anque me mate,
Anque m' esfole.*

Meu santo San Antonio
Dáime un homiño
Anqu' ó tamaño teña
D' un gran de millo.

Dáimo, meu santo,
Anqu' os pés teña coxos,
Mancos os brazos.

Un-ha muller sin home...
Santo bendito!
E corpiño sin alma,
Festa sin trigo.

Pau viradoiro,
Qu' onda queira que vaya
Troncho que troncho.

Mais en tend' un homiño
¡Virxe do Carme!
Non hay mundo que chegue
Para un folgarse.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPOS A-B-C



Que zamb' ou trencó,
Sempr' é vó ter un home
Para un remedio.

Eu sey d' un que cobiça
Causa miralo,
Lanzaliño de corpo,
Roxo e encarnado;

Carniñas de manteiga,
E palabras tan doces
Cal mentireiras.

Por él peno de día,
De noite peno,
Pensando nós seus ollos
Color de céo.

Mais el xá doito,
D' amoriños entende,
De casar pouco.

Facé, meu San Antonio,
Qu' onda min veña,
Para casar conmigo,
Nena solteira,

Que levo en dote
Un-ha cullér de ferro,
Cátro de boxe.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



Un hirmanciño novo
Que xá ten dentes,
Un-ha vaquiña vella
Que non dá leite...

¡Ay, meu santiño!,
Facé que tal suceda,
Cal vó lo pido.

San Antonio bendito,
Dádeme un home,
Anque me mate,
Anque m' esfole.

Que zamb' ou trencó,
Sempr' é bó ter un home
Para un remedio.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



15.

*Adios rios, adios fontes,
Adios regatos pequenos,
Adios vista dos meus ollos
Non sei cando nos veremos.*

Miña terra, miña terra,
Terra donde m' eu criei,
Ortiña que quero tanto,
Figueiriñas que prantei.



Prados, ríos, arboredas,
Pinares que move o vento,
Paxariños piadores,
Casiña dó meu contento,

Muíño d' os castañares,
Noites craras de luar,
Campaniñas trimbadoras
Dá igrexiña dó lugar,

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



Amoriñas d' ás silveiras
Qu' eu lle dab' ó meu amor,
Camiñiños antr' ó millo,
Adios, para semp' adios!

!Adios gloria! ¡Adios contento!

¡Deixo á casa onde nacín,
Deixo á aldea que conoço,
Por un mundo que non vin!

Deixo amigos por estraños,
Deixo á veiga pólo mar,
Deixo, en fin, canto ben quero...
¡Quen pudiera non deixar!...

.....



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



Mais son prob' e mal pecado.

A miña terra n' é miña,
Qu' hastra lle dán de prestado
A veira por que camiña
Ô que naceu desdichado.

Ténovos, pois, que deixar.
Hortiña que tanto amei,
Fogueiriña dó meu lar,
Arboriños que prantei,
Fontiña do cabañar.

Adios, adios, que me vou,
herbiñas do camposanto,
Donde meu pay s' enterrou,
Herbiñas que biquey tanto,
Terriña que nos criou.

Adios Virxe d'Asunción,
Branca com' un serafín;
Lévovos no corazón:
Pedídelles á Dios por min,
Miña Virxe d'Asunción.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ


GRUPOS A-B-C



Xa s'oyen lonxe, moy lonxe,
As campanas do pomar,
Para min, ¡ay! Coitadiño,
Nunca mais han de tocar.

Xa s'oyen, mais lonxe...
Cada balada é un dolor;
Voume soyo, sin arrimo...
Miña terra ¡adios! ¡adios!

Adios tamén, queridiña!...
Adios por sempre quizais!...
Dígoch' este adios chorando
Desd' a veiriña do mar.
Non m' olvides, queridiña,
Si morro de soidás...
Tantas légoas mar adentro....
¡Miña casiña! meu lar!



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



Denuncia social

22.

*Mais ó que ben quixo un dia,
Si á querer ten aficion
Sempre lle queda unha magoa
Dentro do seu corazón.*

I.

Aló nas tardes serenas,
Aló nas tardes caladas,
Fanse mais duras as penas,
Que nas brandas alboradas.

Aló nas tardes sombrisas
Aló nas tardes escuras,
Fanse mais cortas as risas
Mais negras as desventuras.

Que non hay sera tranquila
Para quen remorsos garda,
E mais presto s'aniquila
Canto mais á noite agarda.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPOS A-B-C



II.

Eu ben sei d'estos secretos
Que s'esconden nas entrañas,
Que rebolen sempre inquietos
Baixo mil formas extrañas.

Eu ben sei d' estes tormentos
Que consomen e devoran
Dos que fan xemer os ventos
Dos que morden cando choran.

.....

Y anqu' hora sorrindo canto
Anqu' hora canto con brio,
Tanto chorey, chorey tanto,
Com' as auguiñas d' un río.

Tiben en pasados días,
Fondas penas é pesares,
E chorey vagoas tan frias
Com' as auguiñas dos mares.

Tiben tan fondos amores,
E tan fondas amarguras,
Qu' era fonte de dolores
Nacida entre penas duras.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



III.

Hora rio, hora contento,
Vóu pó las eiras cantando,
Vendo d'onda ven ó vento
Cando vóu levar ó gando.

Hora con grande sosiego
Durmo na veira d'as fontes,
Durmo na veira d'os regos.
Durmo na punta d'os montes.

*Mais ó que ben quixo un día,
Si á querer ten aficion
Sempre lle queda unha magoa
Dentro do seu corazón.*





Follas novas

Libro I.....VAGUEDÁS

V

¡Follas novas! risa dame
Ese nome que levás,
Cal s'a un-ha moura ben moura,
Branca ll'oise chamar.

24

Non *Follas novas*, ramallo
De toxos e silvas sôs,
Hirtas, com'as miñas penas,
Feras, com'á miña dor.

Sin olido nin frescura,
Bravas magoás e ferís...
¡Se n'a gándara brotades,
Como non serés así!



Casa da Matanza en Padrón

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPOS A-B-C



VI

¿Qué pasa ò redor de min?
¿Qué me pasa qu'eu non sei?
Teño medo d'unha cousa
Que vive e que non se vé.
Teño medo á desgracia traidora
Que ven, e que nunca se sabe onde ven.

VII

Alguns din, ¡miña terra!
Din outros, ¡meu cariño!
Y este, ¡miñas lembranzas!
Y aquel, ¡iou meus amigos!
Todos sospiran, todos,
Por algun ben perdido.
Eu sô non digo nada,
Eu sô nunca suspiro,
Qu'ó meu corpo de terra
Y ó meu cansado espírito,
A donde quer qu'eu vaya
Van conmigo.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



X

Unha vez tiven un cravo
Cravado no corazón,
Y eu non m'acordo xa s'era aquel cravo,
D'ouro, de ferro, ou d'amor.
Soyo sei que me fixo un mal tan fondo,
Que tanto m'atormentou,
Qu'eu día e noite sin cesar choraba
Cal chorou Madanela n'a pasión.
“Señor, que todo ó podedes,
-- Pedinlle un-ha vez á Dios--
Daime valor par'arrincar d'un golpe
Cravo de tal condición.”
E doumo Dios e arrinqueino,
Mais... ¿quen pensara?... Despois
Xa non sentin mais tormentos
Nin soupen qu'era delor;
Soupen sô que non sei que me faltaba
En donde o cravo faltou,
E seica, seica tiven soidades
D'aquela pena... ¡Bon Dios!
Este barro mortal qu'envolve o espírito
¡Quen-o entenderá, Señor!...

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



XV

A un batido, outro batido,
A unha dor, outro delor,
Tras d'un olvido, outro olvido,
Tras d'un amor, outro amor.

Y ó fin de fatiga tanta
E de tan diversa sorte,
A vellés que nos espanta,
Ou ó repousar d'á morte.

XVI

Cand'o era tempo d'inverno
Pensaba en dond'estarías;
Cand'era tempo de sol,
Pensaba en dond'andarías.
¡Agora... tan soyo penso,
Meu ben, si m'olvidarías!



Libro II.....¡DO ÍNTIMO!

DE VALDE...

Cando me poñan o hábito,
S'é qu'ó levo;
cCando me metan na caixa,
S'é qu'á teño;
Cand'ô responso me canten,
S'hay con que pagarll'os cregos,
E cando dentro d'a coba...
¡Qu'inda me leve San Pedro
Se sô ó pensalo non río
Con unha risa d'os deños!
¡Qu'enterrar, han d'enterrarme
Anque non lles den diñeiro!...

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



A XUSTICIA PÓLA MAN

Aquês que tèn fama d'honrados n'a vila
Roubaronme tanta brancura qu'eu tiña,
Botáronme estrume n'as galas d'un dia,
A roupa de cote puñéronma en tiras.
Nin pedra deixaron, en dond'eu vivira;
Sin lar, sin abrigo, morey n'as curtiñas;
Ô raso c'as lebres dormín n'as campías;
Meus fillos..., ¡meus anxos!..., que tant'eu quera
¡Morreron, morreron, c'a fame que tiñan!
Quedei deshonrada, mucharonm'a vida,
Fixronm' un leito de toxos e silvas;
Yen tanto, os raposos de sangue maldita,
Tranquilos n'un leito de rosas dormian.



-- *Salvademe jou, xueces!*, berrey..., ¡Toleria!
De min se mofaron, vendeum'a xusticia.
-- *Bon Dios, axudaime*, berrey, berrey inda...
Tan alto qu'estaba, bon Dios non m'oira,
Estonces cal loba doente ou ferida,
D'un salto con rabia pillei a fouciña,
Rondei paseniño... ¡Ne as herbas sentian!
Y a lua escondiase, y á fera dormia
Cos seus compañeiros en cama mullida.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPOS A-B-C



Mireinos con calma, y as mans estendidas
D'un golpe, ¡d'un soyo!, deixeiños sin vida.
Y ô lado, contenta, senteime d'as vítimas,
Tranquila, esperando pol'a alba d'o día.

Y estonces... estonces, cumpreuse a xusticia:
Eu, n'eles; y as leises, n'a man qu'os ferira.



30

A xustiza pola man (NAO)

Pica aquí para escoitar o poema nunha versión musical do grupo [NAO](#), orixinario da Estrada, e que estivo activo de 2005 ata 2019. As letras das súas cancións caracterizábanse polo compromiso político e a crítica social.

CURSO 2023-2024



Lembrades un conto semellante?.....

Vamos bebendo

-- Teño tres pitas brancas
E un galo negro,
Que han de poñer bos ovos,
andand´o tempo.
Y hei de vendelos caros
Polo Xaneiro,
Y hei de xuntá-los cartos
Para un mantelo,
Y heino de levar posto
No casamento,
Y hei...

-- Pois mira, Marica,
Vai por un neto,
Qu´antramentas non quitas
Eses cerellos,
Y as pitas van medrando
C´o galo negro,
Para poñé-los ovos,
E todo aquilo
Do xaneiro, dos cartos
Y o casamento,
Miña prenda da Yalma,
¡Vamos bebendo!

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPOS A-B-C



Sin niño

Por montes e campías,
Camiños e espranadas,
Vén unha pomba soya,
Soya de rama en rama.

Síguena as probes crlas,
Sedentas e cansadas,
Sin qu' alimento atope
Pra darlles a bicada.

Tray manchada-las prumas,
Qu' eran un tempo brancas,
Tray muchas E rastreiras
Y abatida-las alas.

¡Ay! probe pomba, un tempo
Tan querida e tan branca!
¿Ónde vay o teu brilo...?
¿O teu amor, ônd' anda?



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



¿Qué ten?

Sempre un jay! prañideiro, unha duda,
Un deseyo, unha angustia, un delor...
É unhas veces á estrela que brila.
E outras tantas un raio do sol;
É que as follas d'os arbores caen,
É que abrochan n'os campos as frois,
Y é o vento que zoa,
Y é o frío, é a calor...
E n'é o vento, n'é o sol, nin é o frío;
Non é..., qu' é tan só
A alma enferma, poeta e sensibre,
que todo á lastima,
que todo lle doy.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



Decides qu'ó matrimonio
E santo e bueno; seráyo,
Mais non casou San Antonio,
Por máis qu'ó mesmo demonio
Tentouno a facé-l'ó ensao.

Celicios, cantos poder,
Penitencias á Dios dar,
Mais santo n'oubo, á meu ver,
Que d'os casados quixer
C'a pesada cruz cargar.

Nin os santos padres todos,
De quen tés tantos escritos
E alabas de varios modos,
Quixeron n'aqueles lodos
Meter os seus pes benditos.

D'ó dereito, d'ó rivés,
Matrimonio, un dogal es;
Eres tentazón do inferno;
Mais casaréi..., pois no inverno
¡Non ter quen ll'a un quente os pes...!

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



*Na súa rápida e irrevogable carreira, o tempo
Leva -como non?- a beleza:*

Agora cabelos negros,
máis tarde cabelos brancos;
agora dentes de prata,
mañán chavellos querbados;
hoxe fazulas de rosas,
mañán de coiro enrugado.



Morte negra, morte negra,
cura de dores e engaños,
¿por qué non mátalas mozas
antes que as maten os anos?



Libro V.....AS VIUDAS D'OS VIVOS E AS VIUDAS D'OS MORTOS

¡ PRÁ Á HABANA ¡

Venderonll'os bois,
Vendéronll'as vacas,
O pote d'ó caldo
Y a manta d'a cama.
Vendéronll' ó carro
Y as leiras que tiña;
Deixárono soyo
C'ó á roupa vestida.
-- María, eu son mozo,
Pedir non m' é dado;
Eu vou pólo mundo
Pra ver de ganalo.
Galicia está probe,
Y á Habana me vou...
¡Adiós, adiós, prendas
D'ó meu corazón!

36



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



Sempre póla morte esperas,
Mais á morte nunca ven;
¡Coitado!, ¿pensas que as penas
Poden matar d'unha vez?
Nunca, que son coma o ético:
Tras de roer e roer,
Só deixan un corpo cando
Xa non têm que comer n'el.
Cando a yaugua d'as penas
Se reverte n'a copa sin medida,
Soyo é remedio á morte
para curar d'a vida.



C´a pena ô lombo

¡Cantas frores silvestres n´os valados,
Que festós e qu´encaixes
Primorosos de musgos e verdura,
Que colorido, que folláx n´os árbores
Mentra-las brisas mansamente corren,
Com´alento d´os anxeles!

Reina n´a veiga un prácido sosego,
Cay á luz n´os regueiros en cambiantes,
Y ó cómaro e encañada soavemente
Van querband´o paisaxen,
Lixeiramente envolto n´os vapores
D´a misteriosa tarde.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



Só se sinte o piar d'ó paxariño,
O marmurar d'as auguas,
E n'a cima d'ó monte o cantar triste
D'unha muller que pasa,
Mentras c'ó sue marmurio ó manso rego
n'aquel ritmo monótono á compañía.

¡Que tristeza tan doce!
¡Que soidá tan prácida!
¡Mais para un alma en horfandá sumida,
¡Que soidá tan deserta e tan amarga!

Sin mirar, fixa os ollos
Nas brétemas leixanas,
Vaporosas e leves
Que o sol pinta de grana,
Y as mans en cruz, i os ollos
Arrasados en bágoas,
Marmura saloucando: "¡Quérome ire,
Porque agonizo aquí desconsolada!
Millor que acá antre rosas
¡Ay!, quero ir a morrer adonde el vaia."
E no fondo do barco
Soíña, abandonada,
Tras seu amor i a morte, para América,
Para morrer de dor, ao mar se lanza.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



A REAL ACADEMIA DEDÍCALLE O DÍA DAS LETRAS 2024 A
LUÍSA VILLALTA GÓMEZ, CREADORA DUNHA OBRA LITERARIA SINGULAR,
RECOÑECIDA SOBRE TODO COMO POETA PERO QUE CULTIVOU TAMÉN O
TEATRO, A NARRATIVA, O ENSAIO

Luisa Villalta, a nena do violino





...

Cando en 1863 Rosalía publica os *Cantares Gallegos* todo este entramado simbólico no que se relaciona o canto e a música popular co idioma e, en xeral, coas reivindicacións patrióticas constituía xa un terreo ben sementado. De feito, segundo as súas propias palabras, a autora toma exemplo de Antonio Trueba, seleccionando cantares populares sobre os cales constrúe unhas extensas glosas poéticas como o autor fixera noutro idioma.

...

Luísa Villalta Gómez
O outro lado da música, a poesía



Biografía

Luísa Villalta nace na Coruña o 15 de xullo de 1957.

A cidade na que residirá a maior parte da súa vida será materia principal da súa obra. No libro *En concreto* tomará a dimensión máis plena ata se fusionar coa propia poeta.

A casa familiar situada na rúa Vila de Laxe acolle os primeiros anos de infancia. É a filla maior dunha familia de clase media, o pai, profesor mercantil, a nai, formada en comercio, imprimirán nas dúas fillas a afección pola música.

Con oito anos comeza a formación no Conservatorio de Música da Coruña. Dezaioito anos despois concluírá como titulada superior de violino.

Estuda no colexio das Xosefinas e remata o curso de acceso á universidade no Instituto Eusebio da Guarda en 1973-74.



42

Ávida lectora desde a infancia, os primeiros anos de vida transcorren entre xogos nos xardíns de Méndez Núñez e na Mariña, debuxando, observando o mundo coa curiosidade dunha nena esperta e decidida nos seus propósitos, fosen estes estudar violino ou aprender a patinar en Riazor.


Licénciase en Filoloxía Hispánica e en Galego-Portugués pola Universidade de Santiago de Compostela en 1982. Nos anos seguintes continúa a súa dedicación á música mais tamén escribe os poemas que despois formarán o primeiro libro, publica en *El Correo Gallego* "Sete haikus", edita as obras *Concerto para un home só* e *O representante* e gaña o I Certame Literario da Facultade de Filoloxía da USC.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



En 1988 aproba o concurso-oposición de agregados de Bacharelato, segundo denominación da época, e despois de impartir aulas en varios centros exercerá en 1991 como profesora de lingua e literatura galega con destino definitivo en Sada, no instituto Isaac Díaz Pardo.

Luísa Villalta implicase nas actividades do centro, a biblioteca, o grupo de teatro, a revista, os clubs de lectura, os recitais, a aula de música... O alumnado lembra o compromiso docente da escritora, a súa defensa do ensino público e da educación como espazo de liberdade e corrección das desigualdades.



"Haberá poesía en que salvar-se?"

"a inmensidade do espacio que temos para voar"

43

***Mírame, mírate, mírame en ti
e escólleme para soñarte.***

Luísa Villalta falece inesperadamente na madrugada do 6 de marzo de 2004 na súa casa, mentres durmía.

Agardábana nunha xuntanza da AELG en Compostela e na inauguración dunha mostra en Oleiros con ocasión do Día Internacional da Muller, tamén na exposición *Flying Carpet* que acollía o seu ollo caligrama na Fundación Torrente Ballester.

Días antes participara na presentación do libro *Intifada: Ofrenda dos poetas galegos a Palestina*.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



Remitira a *A Nosa Terra* o artigo “Cultura, Cultureta, Culturalismo” publicado o 4 de marzo, revisara *En concreto* para a súa publicación, preparaba con Maribel Longueira o proxecto do Papagaio, comprometérase para o manifesto de inauguración de Abril dos Libros en Pontevedra, enviara o poema para a edición de *Bóveda na voz dos poetas*, do Congreso A Galiza de Bóveda... E escribía cada día no almanaque de Assirio & Alvim, o último apuntamento comeza: “O exterior/ baila nas sombras”.

E todo se suspende.

A escritura de Luísa Villalta irradia exploración e movemento

“O exterior
baila nas sombras”

44



Pica na foto de Luisa para ver un video no que diferentes escritores e amig@s falan tanto da esencia personal e artística.



Iniciamos lecturas.....

Luisa Villalta

Poemas



MÚSICA RESERVADA (1987)

45

En soneto de sons que soan sendo
a melodía do que eu son na esencia
inconsciente de ser, unha presenza
sen máis sentido que soar sabendo,

a monodia de viver entendo,
fluindo como o son, en transcendéncia,
improvisado ritual, ausencia
no eco que a memoria vai perdendo.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



Número e canto, necesária via
por que ascendo as escadas, se afastasen
a razón da intuición que o ritmo cria,

e transgrido a palabra, se soasen
outras voces que o sentido ouviria
cando os sons da sua música calasen.



O tempo inventará a melodía
a destacar-se sobre a tela escura,
labor de oráculo, palabra pura,
tecendo e destecendo a mesma via.

E os poemas serán cantos dun día
Dilatado en distancia e en altura
Como a luz suspendida na espesura
Deste nadal orbital en que se cria.

Espellos que desfien nas imaxes
Outra luz sobre as sombras extendida
Esperando o momento do reflexo.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



Até entón e despois son as paisaxes
outra tela a cair na danza-vida
e o sentir dese tempo é o desexo.



Non teño outro corpo que un destino
por min libremente imaxinando,
nen teño outra alma que o consolo
de ser o sen-min que me concibo.

Fortuna é, ao fin, de toda vida
figurar-se unha historia sen destino.

47



ZARABANDA

Por que os ares son inmensos, sempre fora
parecen ao que está dentro incomprensíbeis,
pero as almas e as aves que os percorren
non comprenden o interior nen o recordan.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPOS A-B-C



Porque o son é o momento único da vida,
que brota para o ar, e do ara o eterno,
o saber é recordar, e recordar é tempo
transgredido do seu único sentido.

Por que a eternidade tan dorida
está de ignorar o que é eterno
se saber é voltar ao máis efémero?

Se cantar é recordar a melodía
sendo a vida a que se inventa en cada acorde,
por que repetir-se e ser o único é o mesmo?

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



COURANTE

Como terra e árbore,
en palabra e música
desune-se o ser

Na firme realidade
do chan, nós camiñando;
tambor dos pasos.


A palabra é eco
do later rigoroso
a sua efíxie móbil.

Pensamento que anda,
a palabra é ritmo
e o ritmo é retorno.

O camino ferido
no tempo horizontal
solta o seu sangue.

Un ar antigo
recebe o sacrificio.
Nace unha árbore.

A palabra florece
perdendo a utilidade



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



fai-se mais útil.

Delírio vertical,
repuxo verde en versos
unindo en si o disperso.

Tremor contínuo,
árbore-harpa
que o vento tanxe.

Sobre os ríos que van
arrastrando-nos
o son irrepetíbel.

Escravos da memoria
que retén o vapor
do seu eco sen fin.





O OCO DA PALABRA (1986)

I
A ESÉNCIA

Viver é olvidar, non dar por nada
do que, en ausencia, se preenche a vida.
Esquecer o pai e a nai, esquecer-se un propio
é este mesmo amor de orixe que me empurra
a abrir-me sen pasado, viver definitivo
inconsciente da conciencia que o maldi.
Desnudar-me, desatar-me cada paso
en que cai cada eu que vai comigo
para ser alguén en outro, e outro en outro
e esquecer o modo en que se esquece o olvido.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



Dos meus beizos caen palabras desmaiadas
como soños que xerase o movemento.

Entreabrindo-se-me a boca van nacendo
en ternura confiada humedecidas,
traspasadas da memoria da esperanza
orbital que move os mundos renacidos.

Surxen pois, transparentes, dúcteis
a unha leve indicación do meu alento,
músicais globais que se encamiñan
para a luz da imensidade en que se perden.

Que fráxel e gozoso é o instante
de ser aves e alcanzar unha promesa
pouco antes de estalar polo incremento
de ser ar e continúa vontade de silencio.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



GRIAL DO SOL PERDIDO (1985)

Insisto en que a rúa son os pasos,
xilofones de oquedades graduadas,
reclamando unha vida en movemento

Escoita:

eses pasos que anónimos resoan
admitidos como seres, como pulsos
dalgun sangue, do pasado, como vida,
como ciclos en que os ritmos se entrecruzan,
encamiñan-me a min para o silencio.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



E ficaremos sós
mar e silencio.

Cando a noite me veña desvendar
con amor prometido e demorado
estes ollos que ollaron tanto nada,
as follas que caíron ao meu pé
serán pisadas.

E a ausencia cumprirá o seu oráculo
cando a noite sexa o fondo,
cando o mesmo mar a noite,
e o silencio
diga a última palabra.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



O sol paralelo á miña fronte,
armónico fagote alimonado,
administra a certeza que, cansada,
todavía xermina o meu dicer.

Incremente-se o ar desde a tristeza,
desacougue o tremor o meu camino:
contrarie-se xamais o seu saúdo
para eu reflectir o seu saber.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



Detrás da poesía
a sombra
que sustenta o día.

Entre a luz e o corpo
dista o aroma
dunha sombra pura
que é o silencio.

Detrás do sol sonoro,
nun eco escuro,
confunde-se a lembranza
co esquecemento
soando en mil mumúrios
esfumeados
entre o pó e o vento.

Detrás da poesía
a ausencia
que sustenta a vida.



Luisa Villalta con Moncho Pena, Carlos Bernárdez e
Xavier Alcalá en Donosti.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



EDIFICIOS

En un único testículo cabe la ciudad
EDUARDO MOGA, El corazón la nada

Caligramas

RETO

Como se pode ver
sempre
é desandado
o camino
En verdade
nos pés
o áspero tacto das palabras
que me fai seguir
Onde comeza o problema
para observar
o poema
no difícil ascenso
Fago unha parada
na illa de estaño
para poñer os pés
sen lugar
Camiñando cara ao alto

57



CURSO 2023-2024

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



OBELISCO

A
túa
estatura
estaba inscrita no proxecto
da Cidade compacta
Os edificios medran cada día
Faltan por agromar aínda
os máis altos de todos
Por cima
sen medida visíbel
as antenas atentas
prolongan o vacío
até algún centros
afastados dispersos
polas rúas de algún
outros continentes
Por aquí pasan decote
Os viandantes pontuais
mostrando a orgullosa hora
de cadanseu obelisco interior



*Luísa coa súa nai e a súa irmá
(Foto cedida pola familia)*



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



POEMA DA CIDADE ALTA

O meu nome é o da Cidade Alta
nacido onde a luz e o mar se están orixinando
mutuamente
nacín enfrente de min mesma
cando a Pescadería era un leito de sereas
e a serpe demorada na voz dos meus avós
vento dos ventos

Veño de aquí
unha historia de palabras
nas casas da cabeza e nos chanzos do corazón
palabras que son xente a murmurar de lonxe
desde Santa Lucía
épicas antigas de bailes no Gurugú
insultos pelexas e disparos
e percorren no meu sangue o Camiño Novo
para coller un barco que se marcha
como se xa nunca tivesen existido
e sen embargo dou fe, que son verdade
e van a Santa Margarida de merenda
onde unha vez alguén de noso se enforcara
alguén de quen só coñezo aquela rama
partida pola ausencia
non podendo tolerar o día e o cambiante
do vento, sempre, outra vez o vento

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPOS A-B-C



a picar na pel fría do verán canicular
o mozo vento grande que trai cartas de América
e tamén o pequeno que rechea os baleiros do tempo

Érgome dragón todos os meus corpos posíbeis e brutais
para gardar a esencia
esa que me dixeron construtores campesinos
un a un e cada un polo seu lado
sen que o ruído se puxese de acordo debaixo das formigoneiras
nen o silencio dos ríos subterráneos se fixese posíbel
Arrímome a elas, lavadeiras de Monelos
na luz agora das altas aulas do milenio
para deixalas preñadas dunha pequena memoria como o mar

E ao saír deixo comigo a porta aberta
escadas arriba Porta de Ares escadas abaixo Porta Real
e levo a chave enferruxada do salgado das ondas
onde fluctua no horizonte o meu país reflectido
a prostituta sagrada
que desabrocha o corsé das gargalladas de ouro
e finxe que sabe finxir
mentres os taxis na noite se cruzan contraseñas
as rúas se volven anónimas entre os escaparates
e as xentes xogamos coas últimas moedas
de sexo lixeiro e cansado entre os dedos

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPOS A-B-C



Forza, para que? Se viver é tan doce
Como a área do Orzán e deixar ir o sol polo monte San Pedro
Pero remar nas pegadas dos outros, uliscarnos no avance dos povos
repartir o dosel das tormentas gritándonos os nosos nomes de
abaixo?

Coñecín ventos suaves que nunca máis se daban detido
outra vez, sempre o vento dos ventos
rodeando este punto no mundo:

Cabeza, Garda, Chave, Forza, e Antemural do reino
renacido



A Cidade Alta (Rúa Falperra)

Casa onde vivía Luisa Villalta



**POEMA CÍCLICO PARA SOPRANO
E CUARTETO DE CORDA**

MOVIMIENTOS:

1º Allegro. “O Océano e as ondas”

2º Adagio. “A terra e as árbores”

3º Scherzo. “As aves”

4º Finale. “O ceu e as nubes”

A Paulino

1º MOVIMIENTO. Allegro
“O océano e as ondas”

Na Praia. A través do relóxo roto do sol, acumula-se a substancia remontando o seu propio peso, riza-se en desexo puro, estremece, e rompe deixando a desvestida pel brillante da água sobre a área.

E outra vez, outra vez, a bandeira ondula un rizo apenas, a visión e inmediato olvido para, cansado, esgotar longamente o seu retorno.

Inspirando a ameaza do seu arco, pronuncia o sonido envolvendo-o na súa propia intimidade.

Quizá lembrando-se, en curto impulso volve, e axiña se retira.

E mais ainda, até acadar o círculo do nove.

Así a vida vai cumprindo, agrupa o horizonte, e perde-se.

Perdendo o perdido retorna e enche o seu peito rouco do nada húmido, que desce e salouca.

Pero afana unha vida renacida e o seu peito, por fin, rememora a melodía, continua esa frase que culmina en estrelas, riza un do e apiana, antes de emprender o regreso.

Que regresa ao lombo de horizontes enchidos e mantén o equipolíbrio un instante, antes de romper outra vez o infinito, e volver, devastando o seu ciclo, outra vez, a dormir sobre a área.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPOS A-B-C



2º MOVIMIENTO. Adagio.
“A terra e as árbores”

Agora desperta a vida do sabor negro da terra, un brazo obreiro que raña coas uñas o destino até facer da luz un fio verde para coser o vento; e o brazo aflora, compacto e vertical, como humano deus do humus vestido de montaña a combater o mundo, até encontrar o canto que os dedos húmidos pronúncian nas liras invisíbeis das estrelas; o canto cantando sube un camino interior mexido ao vento, canto en contraponto dos elementos, síntese coral da vida suspensa en gotas como froita de ouro que xamais chega a cair.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPOS A-B-C



3º MOVIMIENTO. Scherzo “As aves”

Crin froita ser a cair. Ao vento vou. Fuxo mais non. Vida pro-
curo do meu no ar comer. Todo ver. Tras das estrelas terra da hai
que?: Un grao! E a baaaixxxxxxaaarr ao chan. Onde? Aquí. Non.
Onde, aquí, non, ondeaquinonaquiondenon aquinonaquionaqui..
Si!

Movo asas follas bico patas cantando comigo. Comigo hai quen?
Ti ali estar. Grande entregar axóuxere ar. Rompen plumas do san-
gue arrincado. Vou?

Ven. Vou. Ven. Vou. Ven. Vou. Si. Eu. Ti. Eu, ti, ti. Onde estás?
Nós ao rou-rou nós reencontrando-nos sós. Pasa que? Sssuubiiii-
Mos nube que aí ven.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPOS A-B-C



4º MOVIMIENTO. Finale “O ceu e as nubes”

E aí ven a nube recollendo as moedas do día na sua bolsa suxa. Até que pesa demasiado e rompe. Sen dar-se conta entón, esparxe Polo ceu a materia desfeita da memoria. Ás veces escoita-se mesmo un ruído vello de conversa ou tecidos que se rozan, un saúdo imprevisto, un muro ou a verxa dalgún parque coñecido: as máscaras dun drama sen texto.

O ceu, canso de inventar o infinito, deita a sua espalda nua sobre a hora-colchón que move o tempo. Forma-se un río con ferenzas de neve nas montañas. Detrás veñen as aves cos seus chios de touliñas entre as encanecidas ondas dun ollar azul. E o cabelo peitea-se no vento sacudindo-se as racheiras do vestido roto. Pero o vestido é empedrado dun camino que leva ao outro lado do horizonte, onde as árbores medran coas águas naufragadas da existencia.

E eu me quedo contemplando como pasan as nubes da miña vida.

A Coruña, 1990



Luísa Villalta

Así vou eu, formando parte

Escolma e textos complementarios
de EVA VEIGA e PILAR PALLARÉS

Todo canta unha paz de paraíso
Eternízase os reloxos das árbores nas pedras
ante a monotonía aberta, ante as xanelas
O silencio desperta dun eco de lustros
a facerse río peixe alegría
e logo lanca dunha sede insaciábel
o minuto está denso coagulado de conciencia
premidido ao canto das arterias
aferrado á superficie do planeta
detense avaramente
ESTE BAL que
L se
CON abana
sobre un mundo de
INMUNDICIA

Cova da Lontra 9

 CHVN
DY PÓLVORV
editora

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPOS A-B-C



PAPAGAIO
(2006)

Para todas as portas valía
unha única chave, pesada como a vida.
Por iso sempre estaban abertas as portas na aldea
porque había normas morais
que, unha vez pechadas, ninguén era quen de abrir máis.



Para todas as linguas
o silencio era tamén unha porta lenta
cacarañada de verme,
tan antiga como ha maldición familiar
sobre a caste das mulleres
que nunca han de ser casadas.

A pesar do silencio,
abondaba mirar como miran as fechaduras vixiantes
aos ollos de todos nós
para saber que o muíño non moe para atrás
nen devolve o grau á mazaroca.

Por suxeitar a deshonra,
pai e nai xa nunca non me faloron máis.
Eu nunca souben quen dos dous botou a chave
que pechou tras de min a porta do mundo
e me obrigou a saír
sen encontrar a saída.

(de “Per amores”)

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPOS A-B-C



As redes
da inmortalidade
recollen o cardume
do medo :
cada día somos
superviventes
ou alimento
para os que
sobrevivan



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

GRUPOS A-B-C



Fontes:

<https://academia.gal/inicio>

<https://mediateca.educa.madrid.org/imagen/956itlsffos9amvk>

<https://www.youtube.com/watch?v=bgJyuzrye-g>

<http://seminariogalan.org/inicio/2024/documentos>

69

Biblioteca e Centro de Documentación da Muller “Rosalía de Castro” de Sta. Cruz

Centro Cultural “As Torres”

Rúa Emilia Pardo Bazán, 17

Sta. Cruz - 15179 Liáns (Oleiros)

Tlf. 981626338

Blog : bibliotecasoleiros.blogspot.com

E mail : biblioteca.santacruz@oleiros.org

